

**ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DA
TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS
RESIDUAIS.**

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1º.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2º.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do Servizo de Depuración de Augas residuais vertidas a través da rede de sumidoiros.

2.- A taxa non afecta ós inmobles derruidos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de terreo.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3º.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitantes ou arrendatarios, mesmo en precario.

2.- En todo caso terá a consideración de suxeito pasivo substituído do ocupante ou usuario das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso sobre os respectivos beneficiarios do servizo as cuotas pagadas.

RESPONSABLES

Artigo 4º.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refieren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5º.

1.- A cota tributaria que se esixirá pola prestación do servizo de depuración, determinarase en función da cantidade de auga consumida no inmovible, medida en metros cúbicos, cando exista contrato de subministro e contador, e aplicarase a tarifa para abonados sen contador ou sen servizo de abastecemento nos demais casos. A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:”.

A) COTA MÍNIMA:

a) Aboado con contador e servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	2,283
Uso comercial	3,085
Uso industrial	5,620

b) Aboados sen contador ou sen servizo de abastecemento de auga:

	€/ mes
Uso doméstico	3,186
Uso comercial	3,974
Uso industrial	8,944

B) CONSUMO SERVIZO AUGA:

• **Uso doméstico:**

	€
Cada m ³ consumido	0,079772

• **Uso comercios:**

	€
Cada m ³ consumido	0,079772

• **Uso industrial:**

	€
Cada m ³ consumido	0,079772

C) INDUSTRIAS CON GRANDES CAUDALES VERTIDOS Á REDE:

Aquelas industrias que para o proceso de produción utilicen medios de abastecemento de auga exclusiva ou conxuntamente con auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán ó seu cargo aparatos para medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e concesionario do Servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido a efectos da facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

	€
Cota fixa mensual (aboado mes)	5,620
Por cada m ³ vertido (medido ou aforado)	0,079772

2.- As tarifas indicadas incrementaránse có IVE correspondente a cada exercicio.

OBRIGACIÓN DE CONTRIBUIR.

Artigo 6º.

1.- A obrigaón de contribuir que orixina o cobro da Taxa, prodúcese cando comeza a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, quere dicir:

a) Desde a data de presentación da oportuna solicitude de licenzia de conexión, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva conexión á rede municipal de sumidoiros. O dereito ó cobro por esta modalidade de Taxa producírase con independencia de que se obtivera ou non a licenzia de conexión e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de depuración teñen carácter obrigatorio para todos os inmobles do Municipio que teñan fachada ás rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o inmovible non exceda de 100 m. Aínda que os interesados non teñan conexión á rede estará obrigados a contribuir.

DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO.

Artigo 7º.

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte declararán a alta e baixa no Censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día

do mes seguinte. Estas declaracións producirán efecto desde a primeira liquidación que se efectúe logo de finalizado o prazo de presentación das mesmas.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio despois de concedida a licenzia de conexión á rede.

2.- As cotas esixibles por esta Taxa liquidaránse e recadaránse polos mesmos períodos e nos mesmos prazos que os recibos de subministro e consumo de auga, correspondendo a súa xestión ó Concello ou a quen se encomendase a súa concesión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 24 de febreiro de 2011 e comenará a aplicarse unha vez transcurra o prazo previsto no art. 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Datos anteriores modificaciones:

- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2004
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 26/12/2006
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007
- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 26/12/2008

Data modificación actual:

- PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 09/05/2011